# Aprazado o xuízo contra Adolfo Naya



[1]

A maxistrada do Xulgado do Penal nº5 da Coruña adiou sine die a vista contra Adolfo Naya ante a imposibilidade de celebrala en tan só media hora, duración que lle asignara na súa axenda. A xuíza tomou esta decisión tras ouvir o anuncio da avogada defensora de que ía presentar dúas testemuñas no propio acto.
14/7/11.
O compañeiro estivo arroupado por ducias de traballadores e traballadoras, delegados, sindicalistas, amizades e familiares que se achegaron até o edificio dos xulgados desde diferentes puntos do país para amosarlle o seu apoio, respecto e cariño.

Lembremos que a Fiscalía pide para Naya catro anos de prisión por un lance ocorrido en xaneiro de 2010 na piscina da Barcala (Cambre), no decurso da folga das instalacións deportivas. O Ministerio público acúsao de impedir o acceso de traballadores ao recinto, extremo completamente falso. O fiscal tamén lle imputa infundadamente a comisión dunha falta de danos, valorados en menos de 100 euros.
**Novas relacionadas:** Comunicado da CIG-Servizos perante o xuízo ao compañeiro Adolfo Naya [2]
O sindicato mobilízase contra a represión do Goberno español [3]
Paremos a represión sobre a CIG-Servizos! Concentración na Coruña o 28 de xuño [4]

**Ligazóns:**
[1] http://www.cigservizos.org/node
[2] http://www.cigservizos.org/nova/2011.07.12/comunicado-da-cig-servizos-perante-o-xu%C3%ADzo-ao-compa%C3%B1eiro-adolfo-naya
[3] http://www.cigservizos.org/nova/2011.06.28/o-sindicato-mobil%C3%ADzase-contra-represi%C3%B3n-do-goberno-espa%C3%B1ol
[4] http://www.cigservizos.org/nova/2011.06.22/paremos-represi%C3%B3n-sobre-cig-servizos-concentraci%C3%B3n-na-coru%C3%B1-o-28-de-xu%C3%B1o